



ROGO SOBRE UNHA ACTUACIÓN DE DRENAXE NUN VIAL MUNICIPAL NO LUGAR DE TARRÍO (O CARBALLAL)

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


Preto do punto quilométrico 4 da estrada AC-250 (que comunica Sigüeiro e Lavacolla), en sentido Sigüeiro, existe un problema coa canle de drenaxe que conta cunha tubaxe enterrada por baixo do viario local existente no lugar de Tarrío (na parroquia do Carballal), xusto no entronque coa referida estrada autonómica.

Probablemente, como consecuencia da acumulación de lama e follaxe, a referida tubaxe presenta problemas nos episodios de choiva e, ademais, xusto na marxe dereita do acceso, a erosión producida pola corrente está a ocasionar un deterioro do viario, de tal xeito que a situación representa un perigo para os vehículos que por alí transitan.

Tendo en conta o sinalado, o Grupo Municipal Popular presenta o seguinte ROGO:

Que por parte do Goberno Municipal se adopten as medidas necesarias para resolver a situación do entronque do viario local de acceso ao lugar de Tarrío desde a estrada AC-250 (Sigüeiro-Lavacolla).

Santiago de Compostela, a 5 de xuño de 2017



Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal Popular

ANEXO FOTOGRÁFICO



Entronque do vial municipal coa AC-250
(Imaxe de Google Maps)

